

## 17 hours ago Colexio Oficial de Psicoloxía - O Colexio alerta da progresión do 'posmachismo'

O "posmachismo" ou o "neomachismo" é un discurso que está a coller forza na sociedade e que impide o avance da igualdade entre homes e mulleres na nosa sociedade, alerta o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, co gallo do 8 de marzo, Día Internacional da Muller. "Busca confundir con argumentos demagóxicos, asegurando que a intención do feminismo é atacar ao home; aínda que a intención real é clara: que as cousas queden como están", recollen nunha declaración feita pública neste día.

Neste sentido, desde esta corporación que representa a preto de 3.000 psicólogos e psicólogas en Galicia, defenden o obxectivo das políticas de igualdade, que é a abordaxe das consecuencias dunha desigualdade estrutural entre homes e mulleres sostida no tempo, xustificada e normalizada. "A rebelión posmachista non busca máis que frear o avance da conquista de dereitos por parte da muller, é dicir, manter o status quo do home", sinalan.

"O desequilibrio estrutural entre homes e mulleres é unha débeda histórica, é unha herdanza recibida que non podemos asumir e sentar a esperar a que amaine paulatinamente pola súa conta co paso de xeracións e xeracións, porque co tempo perdido vanse tamén vidas que merecen ser vividas coas mesmas oportunidades e, desde logo, sen medo", reflexionan. Ao mesmo tempo, fan ver exemplos da violencia normalizada que sofre a muller só pola súa condición de muller, como a fenda salarial, a explotación sexual ou a duplicidade da xornada (no traballo e no fogar).

Para o COPG, esta desigualdade é unha das maiores inxustizas na sociedade, xa que afecta directamente á metade da poboación, polo que reclaman recursos e políticas dirixidas a un equilibrio entre homes e mulleres. "Esa presunta neutralidade que cuestiona tales accións beneficia ao patriarcado, a quen loita por manter os seus privilexios. Ignoremos e desmontemos ese discurso politicamente correcto, loitemos pola igualdade e un día non serán necesarios os incentivos nin as políticas", conclúen na devandita declaración.

A "demagogia do posmachismo" é intolerable diante do que é unha cuestión de xustiza e dignidade. A violencia machista non pode homologarse a outros tipos de violencia, indican, "porque se está negando a submisión á que se somete ás mulleres por parte do poder estrutural do patriarcado, e alúdese intencionadamente ás manidas e insignificantes denuncias falsas ou a agresións de mulleres ás súas parellas, expoñendo ás mulleres como manipuladoras, mentireiras e mesmo asasinas". Esa mestura ignora a súa orixe e prolonga a súa existencia, indican desde o COPG.

Postado há 17 hours ago por LINDEIROS XORNAL

Marcadores: ColeXIO DE PSICOLOGOS, DIA DA MULLER, LINDEIROS



Visualizar comentários